



28.-"ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE RUÍDOS E MOVIMENTOS VIBRATÓRIOS

PUBLICACIÓN:
B.O.P. 06/09/2003.

NON FISCAL

Capítulo Primeiro

- Disposicións Xerais

***Art. 1º.**

A presente ordenanza regulamenta a actuación municipal para a protección do medio ambiente contra as perturbacións por ruídos e vibracións no termo municipal de Xinzo de Limia.

***Art. 2º.**

1. Correspóndelle ó Concello exercer-lo control do cumprimento da presente ordenanza, esixir que se adopten as medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, ordenar cantas inspeccións sexan precisas e aplica-las sancións correspondentes no caso de incumprirse o ordenado. Para tal fin, o concello realizará auditorías acústicas periódicas para determinar por zonas o grao de cumprimento da presente ordenanza.
2. Cando o concello se considere imposibilitado para o exercicio da competencia de inspección, poderá solicita-lo auxilio en tal función á Administración autonómica, ou ás empresas habilitadas ó respecto pola Xunta de Galicia, de acordo co estipulado no artigo 25 da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.

Capítulo Segundo

- Criterios de Prevención Urbana

***Art. 3º.**

1. A presente ordenanza é de obrigado cumprimento para toda actividade que se encontre en funcionamento, exercicio ou uso, e comporte a produción de ruídos molestos ou perigosos e vibracións.
2. Esta ordenanza será orixinariamente esixible a través dos correspondentes sistemas de licenzia e autorizacións municipais para toda clase de construcións, demolicións, obras na vía pública e instalacións industriais, comerciais, recreativas, musicais, espectáculos e de servizos, e cantas se relacionan nas normas do uso do Plano Xeral de Ordenación Urbana de Xinzo de Limia, así como para as ampliacións ou reformas que se proxecten ou executen a partir da vixencia desta ordenanza e, de se-lo caso, como medida correcta esixible, de conformidade co establecido no Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, do 30 de novembro de 1961, ou outra lexislación aplicable.

***Art. 4º.**

1. Quedan sometidas ás súas prescricións, de obrigada observancia dentro do termo municipal, tódalas instalacións, aparellos, construcións, obras, vehículos



medios de transporte e, en xeral, tódolos elementos, actividades, actos e comportamentos que produzan ruídos e vibracións que poidan ocasionar perigosidade ó vecindario ou que modifiquen o estado natural do ambiente circundante, calquera que sexa o seu titular, promotor ou responsable e o lugar, público ou privado, aberto ou pechado, no que estea situado.

2. En particular, a presente Ordenanza será de aplicación nos casos seguintes entre outros:

- a) Organización do tráfico en xeral de transportes colectivos urbanos
- b) Recollida de residuos sólidos.
- c) Asentamento de centros docentes (parvuliños, colexios), sanitarios (consultorios médicos) e lugares de residencia colectiva (cuarteis, hospitais, hoteis, residencias de anciáns, conventos, etc.).
- d) Illamento acústico na concesión de licencias de obras de instalacións e apertura e funcionamento das actividades en xeral.
- e) Planificación e proxecto de vías de circulación cos seus elementos de illamento e amortecemento acústico (distancia e edificacións, arborado, defensas acústicas por muros illantes absorbentes, especialmente en vías elevadas e semisoterradas, etc.).

Capítulo Terceiro

- Criterios de Prevención Específica

Sección 1ª. – Ruídos de Vehículos

***Art. 5º.**

Os condutores de vehículos de motor, excepto os que serven de vehículos da Policía nacional, Autonómica ou Municipal, servizo de Extinción de Incendios, salvamento e outros vehículos destinados ós servizos de urxencias, absteráanse de facer uso dos seus dispositivos acústicos en todo o termo municipal durante as vinte e catro horas do día, incluso no suposto de calquera dificultade ou imposibilidade de tránsito que se produza na calzada das vías públicas. Só será xustificante a utilización instantánea de avisadores acústicos en casos excepcionais de perigo inmediato de accidentes que non poidan evitarse por outros sistemas.

***Art. 6º.**

1. Queda prohibido forzar marchas dos vehículos a motor producindo ruídos molestos, como no caso de aceleracións innecesarias, e forzarlo a motor en costas.
2. Tamén está prohibido utilizar dispositivos que poidan anular a acción do silenciador, ou forzar a marcha por exceso de peso.

***Art. 7º.**

1. O escape de gases debe estar dotado dun dispositivo silenciador das explosións, de forma que en ningún caso se chegue a un nivel de ruídos superiores ó que se establece para cada unha das categorías de vehículos; o dispositivo silenciador non poderá pórse fora de servizo polo condutor.
2. Tamén as vías públicas urbanas como nas interurbanas prohíbese a circulación de vehículos a motor co chamado "escape de gas libre".



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

3. Prohíbese tamén a circulación dos vehículos citados cando os gases expulsados polos motores, en vez de atravesar un silenciador eficaz, saian dende o motor através dun incompleto, inadecuado ou deteriorado, ou ben através de tubos resoadores.

***Art. 8º.**

1. A policía local poderalles esixir ós condutores de vehículos de motor e ciclomotores, que ó seu xuízo excedan os límites de emisión permitidos, o semetemento ás probas de control de ruídos consonte o disposto no artigo 10.6º, inciso segundo, da Lei do 19 de decembro de 2001, de modificación do Real decreto lexislativo 339/1990. Asimesmo e de conformidade co Real Decreto Lexislativo 339/1890, do 2 de marzo, modificado pola Lei 19/2001, do 19 de decembro, os axentes da autoridade poderán inmoviliza-lo vehículo nos casos de supera-los niveis de ruídos regulamentariamente permitidos e nos termos previstos no artigo 70.2º do referido real decreto.
2. Consonte o disposto no artigo 7 do Decreto 1439/1972, do 25 de maio, sobre homologación de vehículos, os axentes de vixilancia do tráfico formularán denuncias por infracción do disposto nesta ordenanza cando, coa axuda de aparellos medidores de ruído comprobren que o nivel de ruídos producidos por un vehículo en circulación supera os límites sinalados no artigo 6 do devandito decreto. Poderá, así mesmo, ser formulada denuncia polos axentes de vixilancia de tráfico sen necesidade de aparellos medidores, cando se trate de vehículos que circulen co chamado "escape libre" ou produzan, por calquera outra causa, un ivel de ruídos que notoriamente superen os límites máximos establecidos.

O titular do vehículo denunciado poderá unir ó prego de descargo, certificación expedida pola Delegación Provincial da Consellería de Industria e Comercio ou empresa homologada, na que se faga consta-lo nivel de ruído comprobado pola mesma, sempre que presente o vehículo ante aquel organismo no prazo dos dous días hábiles seguintes á entrega ou recepción do boletín de denuncia.

Sección 2ª. – Comportamento dos cidadáns na vía pública e na convivencia diaria

***Art. 9º.**

1. A produción de ruídos na vía pública e nos lugares de pública concorrencia (piñeirais, ribeiras, parques, etc.) ou no interior dos edificios, deberá ser mantida dentro dos límites que esixe a convivencia cidadá.
2. Os preceptos desta sección refírense a ruídos producidos por:
 - a) Ton excesivamente alto da voz humana ou á actividade directa de persoas.
 - b) Sons e ruídos emitidos por animais domésticos.
 - c) Aparellos e instrumentos musicais ou acústicos.
 - d) Aparellos domésticos.

***Art. 10º.**

1. No relacionado cos ruídos do apartado 2.a) do artigo anterior queda prohibido:
 - a. Cantar, berrar, vociferar a calquera hora do día ou da noite en vehículos do servizo público.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

- b. Calquera tipo de ruído que se poida evitar no interior da casa, en especial dende as dez da noite ata as oito da mañá, producido polas reparacións de materiais ou mecánicas de carácter doméstico, cambio de mobles ou por outras causas.
- c. Berrar, vocificar, cantar (especialmente durante horario nocturno, e se hai equipos de música, consumo de alcohol,...) alterando a normal convivencia cidadá, en parques xardíns, vías e espazos públicos, salvo nos lugares autorizados para eso (incluíndo como tales, os espazos habilitados para festas tradicionais e populares autorizadas mentres duren estas).

2. Os titulares de establecementos velarán, para que os usuarios, ó entrar ou saír do local, non produzan molestias á veciñanza. No caso de que as súas recomendacións non sexan atendidas deberán avisar inmediatamente á policía municipal. Do mesmo xeito actuarán se constatan a consumición de bebidas, expedidas no dito local fora, do establecemento e dos lugares autorizados. Así mesmo, e sen prexuízo das responsabilidades dos titulares do establecemento, as referidas obrigas serán cumpridas polos dependentes ou encargados que presten servicios no local.

***Art. 11º.**

Con referencia ós ruídos do grupo c) do artigo 9, establécense as prevencións seguintes:

1. Os propietarios ou usuarios dos aparellos de radio e televisión, magnetófonos, tocadiscos, instrumentos musicais ou acústicos no propio domicilio deberán axusta-lo seu volume de forma que non superen os niveis establecidos no capítulo IV.
2. Prohíbese na vía pública e en zonas de pública concurrencia (prazas, parques, etc., incluídas terrazas autorizadas de establecementos de hostelería) accionar aparellos de radio e televisión, tocadiscos, instrumentos musicais, emitir mensaxes publicitarias e actividades análogas, cando xeneren ruídos por encima dos niveis regulados no cadro do art. 35º. A pesar diso, e baixo determinadas circunstancias, a autoridade poderá permitir a realización excepcional destas actividades. Esta autorización será concedida en cada caso polo Concello, que poderá denegalas cando se aprecie a inconveniencia de perturbar, anque sexa temporalmente, o vecindario ou ós usuarios do contorno.

***Art. 12º.**

Os ensaios ou reunións musicais, instrumentais ou vocais, baile ou danza e as festas privadas ateranse ó que se estableceu no artigo anterior.

***Art. 13º.**

No referente ó ruído do grupo d) do artigo 9 prohíbese a utilización, dende as dez da noite (22:00h) ata as oito da mañá (08:00h), de calquera tipo de aparello ou instalación doméstica, como é o caso das lavadoras, licuadoras, e outros, cando poidan supera-los niveis establecidos no capítulo IV.

Sección 3ª. – Traballos na vía pública que produzan ruídos.



***Art. 14º.**

1. Os traballos temporais, así como as obras de construción, públicas ou privadas, salvo nos casos de forza maior, deberán realizarse obrigatoriamente entre as 8:00 e as 22:00 horas se se produce un incremento sobre o nivel de fondo dos niveis sonoros do interior das propiedades alleas. Os equipos empregados non poderán acadar a cinco metros de distancia niveis superiores a 90 dBA, polo que se adoptarán as medidas correctoras que procedan. Cando por razóns de necesidade os traballos tiveran que excedelos ditos límites, os promotores deberán recabar autorización expresa do concello, que será concedida sempre que concorran as ditas razóns de necesidade e sexan debidamente xustificadas.
2. Exceptúase a prohibición de traballar en horas nocturnas ás obras urxentes por razóns de necesidade ou perigo, ou aquelas que polos seus inconvenientes non poidan facerse de día. O traballo nocturno deberá ser autorizado expresamente pola autoridade municipal, que determinará os límites sonoros que deberá cumprir.

***Art. 15.**

As actividades de carga e descarga de mercadorías, manipulación de Caxias, contenedores, materiais de construción e obxectos semellantes na vía pública, excepción feita das encamiñadas á recollida do lixo ou servicios análogos de titularidade pública, prohibese dende as 22:00 e as 8:00 horas se producen incrementos sobre o nivel de fondo dos niveis sonoros do interior das propiedades alleas. No horario restante da xornada deberán realizarse co máximo coidado, coa finalidade de minimiza-las molestias e reducilas ás estrictamente necesarias.

Sección 4ª. – Máquinas e aparellos susceptibles de produciren vibracións

***Art. 16º .**

Non poderá instalarse ningunha máquina ou elemento móvil susceptible de producir e transmitir vibracións en paredes, teitos, forzados ou outros elementos estruturais das edificacións sen autorización municipal expresa. En casos excepcionais nos que acredite o técnico competente que non se produce molestia ningunha ó vecindario, ou ben se instalen os correspondentes elementos correctores, ou ben o aloxamento ou illamento da actividade respecto ás vivendas máis próximas sexa suficiente, previa valoración destas circunstancias polos servicios municipais competentes, poderase outoriza-la instalación.

No estudio acústico que debe acompañar os proxectos para obras, instalacións industriais, comerciais e de servicios, susceptibles de produciren ruidos e vibracións a memoria técnica deberá determinar:

- O tipo de actividade a realizar.
- Horario previsto.
- Niveis sonoros de emisión
- Identificación de máquinas ou instalacións conflictivas, detallando as súas características fundamentais (carga e frecuencia)
- Descrición do antivibrador seleccionado e cálculo analítico, onde se aprecie a porcentaxe de eliminación obtida coa súa instalación.
- Detalle gráfico das características da súa montaxe.

Non se permitirá a modificación da maquinaria relacionada no proxecto que sirva de base para outoriza-la apertura en autorización municipal expresa. A



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

modificación da máquina sen a autorización municipal á que se fai referencia no presente artigo levará de seu a caducidade automática da licenza de apertura do establecemento.

***Art. 17º .**

Non se permitirán vibracións que sexan detectables sen instrumentos de medida nos lugares en que se efectúe a comprobación. Para a súa corrección disporanse bancadas independentes da estrutura do edificio e do solo do local, así como manguitos elásticos, montaxes flotantes, etc. ou outros dispositivos antivibratorios para todos aqueles elementos orixinais de vibración.

***Art. 18º .**

Todo elemento con órganos móbiles manterase en perfecto estado de conservación, principalmente no que se refire ó seu equilibrado dinámico e estático, así como a suavidade de marcha dos seus coxíns ou camiños de rodaxe.

***Art. 19º .**

Non se permitirá a ancoraxe directa de maquinaria e dos soportes desta ou calquera órgano móbil nas medianeiras, teitos ou forzados de separación entre os locais, piares e estruturas en xeral, dispoñéndose, en calquera caso, a instalación de elementos antivibratorios axeitados.

***Art. 20º .**

As máquinas de arranque violento, as que traballen por golpes ou choques bruscos e as dotadas de órganos con movemento alternativo, deberán estar ancoradas en bancadas independentes sobre o solo firme e illadas de estrutura da edificación e do solo do local por medio de materiais absorbentes da vibración.

***Art. 21º .**

Os conductos polos que circulen fluidos líquidos ou gaseosos en forma forzada, conectados directamente con máquinas que teñan órganos en movemento, disporán de dispositivos de separación que impidan a transmisión das vibracións serradas por estas máquinas.

As bridas e os soportes dos conductos terán elementos antivibratorios. As aberturas dos muros para o paso das conduccións rechearanse con materiais absorventes da vibración.

***Art. 22º .**

Nos circuitos de auga coidarase de que non se presente o "Golpe de Ariete", e as seccións e dispositivos das válvulas e billas terán que ser de forma que xustifiquen que o fluido circule por elas en réxime laminar para os gastos nominais.

***Art. 23º .**

A instalación dos elementos citados nos artigos anteriores efectuarase con interposición de elementos antivibratorios axeitados, idoneidade a cal deberá xustificarse plenamente nos correspondentes proxectos.

Sección 5º. – Máquinas e aparellos susceptibles de produciren ruído.



***Art. 24º .**

Con independencia das restantes limitacións desta ordenanza, no interior de calquera espazo aberto ou pechado, destinado a reunións, espectáculos ou audicións musicais (discotecas e semellantes), non poderán superarse niveis sonoreos superiores a 90 dBA en, ningún punto do local destinado ó uso dos clientes, excepto que no acceso ou accesos do referido espazo se coloque o aviso seguinte: "Os niveis sonoros do interior poden producir lesións permanentes no oído". O aviso deberá ser perfectamente visible, tanto pola súa dimensión como pola súa iluminación.

***Art. 25º .**

1. Prohíbese facer soar, excepto causa xustificada, calquera sistema de aviso, alarma e sinalización de emerxencia (por roubo, incendio, etc.). Así e todo autorízanse probas e ensaios de aparellos de alarma e emerxencias, que serán de dous tipos:
 - a) Excepcionais: serán as que deban realizarse inmediatamente despois da súa instalación ou reparación e poderanse efectuar entre as 10:00 e as 18:00 horas da xornada laboral.
 - b) Rutineiras: Serán as de comprobación periódica dos sistemas de alarma. So se poderán realizar unha vez o mes nun intervalo máximo de cinco minutos, dentro do horario anteriormente sinalado da xornada laboral. A Policía Municipal deberá coñecer previamente o plan destas comprobacións, con expresión do día e hora na que se realizarán.
2. As alarmas instaladas en locais, vivendas e inmobles en xeral serán obxecto dun rexistro municipal controlado pola Policía Local no que se indique a identidade, enderezo e teléfono da persoa encargada da súa desconexión, a cal debe ficar localizable no núcleo urbano onde esté instalada a alarma acústica, sempre que esté en funcionamento, debendo acudir cando sexa activada, a requerimento da Policía Local.
Exímese desta obriga se a alarma dispón de dispositivo temporizador de corte tarado de menos de 5 minutos.
3. Cando o anormal funcionamento dun sistema de alarma lle produza molestias á veciñanza e non sexa posible localiza-lo responsable ou titular de dita instalación, o órgano municipal competente, procederá a desconectar e retirar-lo sistema de alarma.

Sección 6ª. – Condicións de instalación e apertura de actividade

***Art. 26º .**

1. As condicións esixidas nos locais situados en edificios habitados ou con influencias sobre eles e destinados a calquera actividade que poida considerarse como foco de ruído, serán as seguintes:
 - a) Illamento mínimo cara ó ambiente interior: os elementos constructivos horizontais e verticais de separación entre calquera instalación ou actividade que poida considerarse como un foco de ruído, e todo outro contiguo deberán, mediante tratamento de insonorización apropiado, garantir un illamento acústico superior ós valores indicados na seguinte táboa.
Illamento mínimo DntW (100-3150Hz), con carácter xeral, de cara a ambientes interiores en función da clasificación da zona de recepción sonora.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

Zona; 8:00 a 22:00 h.; 22:00 a 8:00 h.

A; 50; 65.

B; 45; 60.

C,D; 40; 55.

- Excepcións:

Non obstante, nas actividades de taller de chapa de automóvil, carpinterías de madeira ou metálicas, ximnasios, escolas de música e danza, obradoiros de panadería ou imprentas e en xeral actividades semellantes, se soamente se desenvolven durante horarios diurnos (8:00 a 22:00 h.), os locais que as albergan, deberán ter un illamento mínimo de 55 dBA respecto ó interior de vivendas.

Exclúese de toda valoración as pezas non habituales, cociñas e baños.

- b) Illamento mínimo cara ó ambiente exterior: o conxunto de elementos constructivos, dos locais nos que estean situados os focos de ruído, non contiguos a outras edificacións, como son fachadas e muros de patios de luces, deberán asegurar un illamento superior ós valores indicados na seguinte táboa.

Illamento mínimo Dw (100-3150Hz) (dB) de cara a ambientes exteriores en función da clasificación da zona de recepción sonora.

Zona; 8:00 a 22:00 h.; 22:00 a 8:00 h.

A; 23; 38.

B; 18; 33.

C,D; 13; 28.

- Excepcións:

Poderán permitirse illamentos inferiores cando se trate de actividades realizadas exclusivamente por máquinas de funcionamento autónomo, sempre que se garanta que en ningún caso se superen no contorno (ambiente interior e exterior) os niveis de ruído sinalados no capítulo IV. Este aspecto deberá xustificarse no estudio técnico. Nestes casos o illamento mínimo necesario será en función dos niveis esixidos no capítulo IV, e do ruído máximo serrado polas máquinas.

2. A persoa obrigada a incrementa-lo illamento ata os mínimos sinalados é o titular do foco de ruído.
3. As técnicas de medida do elemento do ruído ambiental interior serán as que se reflexan no Decreto 150/1999 do 7 de maio polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica.
4. O cumprimento das disposicións deste artigo non exime da obriga de axustarse ós niveis do capítulo IV.
5. Créase a zona I, zona saturada de ruídos e vibracións, que se regulará en función do que determina o anexo I.

***Art. 27º .**

1. Para conceder licencia de instalación dunha actividade incluída no ámbito de aplicación do Regulamento Xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas ou de actividades con equipo de música ou que desenvolvan actividades musicais serán requisitos necesarios:

I.- Ademais da documentación que legalmente se esixa en cada caso, será preciso presentar estudio realizado por técnico competente describindo os seguintes aspectos da instalación:



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

- a. Descrición do local, con especificación dos usos dos locais lindantes e a súa situación con respecto a vivendas.
 - b. Descrición do equipo musical (potencia acústica e gamma de frecuencias).
 - c. Situación e número de altosfalantes e descrición de medidas correctoras (direccionalidade, suxeición, rendemento, resposta de frecuencia, etc.).
 - d. Descrición dos sistemas de illamento acústico, con detalle das panatallas de illamento, especificación do illamento en función das frecuencias e absorción acústica.
 - e. Cálculo xustificativo do tempo de reverberación e illamento.
- II.- Ademais, co fin de evitala transmisión sonora directamente ó exterior cando a potencia total dos equipos de produción sonora supere os 80dB(A) o Concello a través da súa Comisión de Goberno:
- a) Poderá esixir a instalación limitador de potencia con arranxo ás características e condicións de instalación fixadas no anexo II.
 - b) Será obrigatoria a instalación dunha dobre porta, con peche automático e apertura manual, constituíndo un vestíbulo cortaventos que configure un espazo intermedio que actúe como cámara de control para impedir que as portas estean abertas ó mesmo tempo. Estas portas deberán permanecer constantemente pechadas a partir das 22 horas, agás para a entrada e saída de persoas.
- III.- Fíxanse as seguintes medidas correctoras referentes a teitos, cerramentos, solos, pilares e altosfalantes:

1. Teitos:

- c) Reparación de calquera defecto de forxado que separe o local en estudio dos estremeiros evitando con iso os camiños de transmisión do sonido.
 - d) Os falsos teitos non deberán ir unidos rixidamente ó teito.
 - e) Evitaranse as múltiples perforacións para a iluminación
 - f) Evitaranse todo tipo de unións rixidas de intalacións.
 - g) Utilización do material absorbente na cámara de aire entre ámbolos dous teitos.
 - h) Nas conducións de ventilación e aire acondicionado prohíbense retornos de aire polos falsos teitos.
 - i) Os altavoces instalaranse de forma que non exista contacto directo co forxado do local.
 - j) Instalar debaixo deste teito os conductos da ventilación, climatización e iluminación.
 - k) No caso de que como consecuencia da aplicación das medidas correctoras previstas no epígrafe h) o local incumpra outras condicións requiridas, o titular a través do estudio de impacto acústico poderá propoñer outras medidas correctoras que deberán ser sometidas á aprobación municipal.
2. Cerramentos laterais e fachadas.
1. Cerramentos de fachadas (exterior na vía pública):
 - a) Nos locais de café-bar especial e pub, onde os niveis de emisión sexan iguais ou superiores a 80 dB (A), as portas deberán permanecer sempre cerradas consonte prevé o apartado II deste artigo.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

- b) Nos locais destinados a café concerto, café cantante e karaoke, con niveis de emisión de 90 dB (A), deben suprimirse as ventás ou darlles un tratamento especial (dobre ou triple cristal).

2. Cerramento de separación de locais adxacentes.

A magnitude do illamento estará en función dos niveis de ruído que exista no local receptor.

3. Pisos.

Co obxecto de evita-la transmisión directa que ocasionan os altavoces de baixos e os impactos de taconeo ou de baile, establécese como aconsellable a execucion de pisos flotantes nestes locais. Esta montaxe será obrigatoria para niveis de ruído de 90 dB (A).

4. Pilares.

Para niveis de 90 dB (A) e co obxecto de evita-la transmisión de ruído aéreo ou de impacto a través da estrutura e necesario o illamento desta mediante sistemas masa-resorte como paredes de obra de fábrica de ladrillo apoiados sobre sistemas elásticos.

5. Altavoces.

Prohíbese a ancoraxe das intalacións electroacústicas en teitos, piares e paredes.

Os altavoces de son medio e agudo situaranse suspendidos mediante materiais elásticos evitando as pontes acústicas. Os altavoces de baixos deberán colocarse sobre un bloque de inercia sustentada sobre resortes metálicos de baixa frecuencia de resonancia.

Empregaranse preferentemente altavoces de pouca potencia distribuídos homoxeneamente no teito e cun pequeno raio de acción. Está contraindicado o uso de altavoces de grandes niveis de potencia acústica.

Nos locais con niveis iguais a 90 dB (A) leq., deberán separarse as zonas de ruído elevado e pista de baile das zonas menos ruidosas.

6. Outras condicións.

Deixarase un punto de inspección por cada 50 metros cadrados, no que se poderá observa-lo illamento.

IV.- Igualmente, no caso de que tralas medicións oportunas se comprobe que a actividade, aínda que dispoña de licencia, supera os límites sonoros que determina esta ordenanza, sen prexuízo das sancións que procedan, poderase esixi-la instalación de sonógrafo, limitador, realización de vestíbulo cortaventos e o máis grande illamento ou outras, como medidas correctoras.

V.- Non se concederán licencias para actividades incluídas no ámbito da aplicación do Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, con equipos de reprodución sonora de potencia superior a 2 w/m², si nun radio inferior a 50 m existente outra actividade de semellantes características.

2.

- a). Despois de que se presente o estudio técnico poderán proceder os servizos técnicos municipais á comprobación da instalación, efectuándose unha medición de illamento acústico do local no que se vai desenvolver a actividade, tanto cara ós espazos interiores máis



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

afectados (sobre todo vivendas, pero tamén cara espazos con outros usos), como para os espazos exteriores (na rúa).

- b). Comprobarase o ruído transmitido ó contorno por outros elementos do local, como extractores, cámaras frigoríficas, grupos de presión, arrastre de cadeiras e mesas, accionamento de portas e persianas, etc.; o nivel máximo non poderá exceder os límites fixados no capítulo IV.

***Art. 28º .**

Para conceder licencias de instalación de actividades industriais, así como para as ampliacións ou modificacións de importancia das existentes, esixiráselle ó proxecto técnico un estudo xustificativo do cumprimento da presente ordenanza, sempre que a actividade sexa susceptible de xerar ruídos e/ou vibracións. Este estudo, constará como mínimo, dos seguintes apartados:

- a) Descrición do local, con especificación dos usos dos locais lindantes e a súa situación con respecto a vivendas.
- b) Descrición detallada do tipo de actividade e a natureza dos traballos a realizar, así como a maquinaria, instalacións e equipos cos que se vai contar para o seu desenvolvemento.
- c) Horario previsto para a actividade.
- d) Detalles das fontes sonoras e vibratorias.
- e) Niveis de emisión acústica das ditas fontes a un metro de distancia, especificándose as gammas de frecuencia.
- f) Descrición das medidas correctoras previstas e xustificación da súa efectividade, tendo en conta os límites establecidos nesta ordenanza. Para a concesión da licenza de apertura comprobarase previamente se a instalación se axusta ó proxecto técnico e a efectividade das medidas correctoras adotadas en orde ó cumprimento da presente ordenanza.

***Art. 29º.**

1. Os estudos de proxectos de actividades clasificadas e / ou suxeitas ó regulamento de espectáculos e actividades recreativas, conterán as medidas específicas adicionais prescritas no art. 27º desta ordenanza.
1. Non serán esixibles as medidas específicas adicionais do art. 27 desta ordenanza ós proxectos daqueles establecemenots con horario comprendido entre as 8:00 e as 22:00 horas, sempre e cando, ademáis, os aparellos musicais sexan únicamente radio, televisión e fío musical con nivel de emisión interno (NEI) máximo de 75 dB (A). En calquera caso, neste suposto os establecementos disporán dun illamento mínimo ó ruído aéreo de 50 dB (A).

***Art. 30º.**

- Licencia de apertura

Non se outorgará licenza de apertura das instalacións, das actividades ou dos establecementos sometidos a esta disposición se os proxectos presentados polos interesados non se axustan ó disposto nesta ordenanza e demais normas de aplicación. Asimesmo, non se poderá inicia-la actividade ou poñer en funcionamento as instalacións mentres non esté comprobado que cumpren coa normativa sobre contaminación acústica polos órganos inspectores ou mediante certificación expedida por empresas ou entidades homologadas.

***Art. 31º .**



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

- **Medidas correctoras e controles.**

Nas licencias de apertura e nas declaracións de incidencia ambiental deberán sinalarse as medidas correctoras e os controis que deberán cumprilas actividades e instalacións, indicándose expresamente que o incumprimento destas pode dar lugar á revocación daquelas licencias ou autorizacións.

***Art. 32º .**

- **Inspeccións.**

Unha vez iniciada a actividade ou posta en funcionamento as instalacións, realizaranse as inspeccións precisas para comprobar que as actividades ou instalacións cumpren coa normativa. Como consecuencia destas, poderán incoarse os correspondentes procedementos sancionadores ou ben acordar medidas correctoras ou de control.

As comprobacións ás que se refire este parágrafo rexeranse polo disposto na lexislación ambiental de Galicia.

Capítulo Cuarto

Características de medición e límites de nivel de ruído

***Art. 33º .**

I. Estarase ó previsto no anexo 1 da Lei 7 / 1997, do 11 de Agosto, de protección contra a contaminación acústica.

1. Persoal municipal competente será o encargado de facer a medición nun recinto, cando a ocorrencia do ruído sexa representativa dunha situación de carácter continuado. A tales efectos, asegurase a localización de polo menos unhas persoa competente encargada de facer as medicións.

Na imposibilidade de que as medicións se leven a cabo polo persoal municipal, as mesmas correrán a cargo de empresas ou entidades homologadas para efectuar medicións en continuación acústica e vibracións.

2. A homologación de empresas ou entidades para efectuar medicións en contaminación acústica e vibracións, con domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia, verificarase conforme ó disposto no Regulamento de Protección contra a contaminación acústica, aprobado polo Decreto 150 / 1999, do 7 de maio.

3. As comprobacións faranse sen determinación horaria, preferentemente ás horas nas que a incidencia no receptor sexa maior.

4. Os equipos de medida serán os que se determinarán a continuación:

a) Os ruídos mediranse mediante sonómetros, aparellos deseñados e construídos para responder ó son de xeito similar a como reacciona o oído humano.

b) O grao de precisión dos sonómetros empregados para a medición serán do tipo I. Tales sonómetros deben ser integradores e analizadores, con posibilidade de obtención de datos estilísticos e de rexistro. No caso de que o ruído ambiental conteña impulsos, farase necesario empregar instrumentación que cumpra a norma UNE-EN 60804:96.

Para os efectos da clasificación da precisión dos sonómetros, será de aplicación o establecido na norma UNE-EN 60651/A1:97.

c) Para asegurar a fiabilidade de medición, todas as que se realice no exterior requirirán o uso de pantallas protectoras antivento.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

- d) Ó comezo e ó remate de cada medición acústica farase unha comprobación do sonómetro, utilizando para isto un calibrador sonoro apropiado. Esta circunstancia recollense no informe de medición, así como a contrastación, cando menos anualmente, con laboratorio oficial ou privado debidamente autorizado.
 - e) A determinación do nivel de ruído realizarase e expresarase en decibelios, corrixidos conforme á rede de ponderación normatizada mediante a curva de referencia tipo (A) definida na norma UNE-EN 60.651:96.
5. As técnicas de medida do ruído ambiental, interior e exterior son as previstas no Decreto 150/1999 do 7 de maio, polo que se aproba o reglamento de protección contra a contaminación acústica.
 6. Os donos, posuidores ou encargados dos xeneradores de ruídos facilitará ós técnicos municipais ou persoas homologadas para facer as medicións, o acceso ás súas instalacións ou focos xeneradores de ruídos e disporán o seu funcionamento ás distintas velocidades, cargas, marchas ou volume que lles indiquen os ditos técnicos.
Asemade, poderán presenza-lo proceso operativo.
 7. Terán validez, en todo caso, as medicións efectuadas polos sonómetros permanentes (sonógrafos) instalados de acordo cos artigos 27 e 53 desta ordenanza. Corresponderá en todo caso ó presunto infractor a carga da proba do defectuoso funcionamento do sonómetro permanente.
- II. Para os efectos desta ordenanza, os ruídos clasifícanse en:
- a) Ruído continuo: é aquel que se produce ininterrumpidamente durante máis de 10 minutos ou durante máis do 25% do período dunha hora, variando o nivel sonoro recibido nunha marxe inferior a + 1dB (A), medido con resposta lenta "SLOW". A manifestación máis xeneralizada deste tipo de ruído é o producido por máquinas que teñen períodos longos de funcionamento (equipos de climatización, por exemplo). Tamén terá consideración de ruído continuo o producido por equipos de música instalados en locais de ocio que dispoñan de limitador de potencia nalgún dos equipos de reprodución instalados na actividade. As medicións realizaranse en nivel equivalente de 60 segundos (Laeq 60), ou polo seguimento do nivel sonoro indicado polo sonómetro en resposta lenta "SLOW", determinado o valor medio ou o que se mantén durante a maior parte do tempo.
 - b) Ruído esporádico: é aquel cuia manifesta percepción se produce durante menos do 25% dun período dunha hora. Xeralmente inclúense neste tipo voces producidas no interior de locais públicos, máquinas de funcionamento esporádico e talleres (arcueril, trades,...) accionamento de persianas e portas de garaxe... As medicións realizaranse en nivel equivalente durante 60 segundos (Laeq 60). Para ruídos de duración superior a 1 minuto poderase realiza-lo seguimento do nivel sonoro indicado polo sonómetro en resposta lenta "SLOW", determinado o valor medio ou o que se mantén durante a maior parte do tempo



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

- c) Ruído curto eventual: ruído de duración inferior a un minuto, que se produce menos de 10 veces durante o horario diurno, e menos de 4 veces durante o horario nocturno. A acción máis característica deste tipo de ruído é o accionamento de persianas de peche de actividade. As medicións realizaranse en nivel equivalente durante 60 segundos (Laeq.60). Tamén se inclúe neste tipo de ruídos aqueles producidos por frecuentes golpes (marteladas, machadazos,...), pero neste caso o valor do nivel sonoro a ter en conta é o máximo (ou termo medio do máximo de varios golpes) medido con resposta lenta "SLOW".

***Art. 34º .**

- Zona de sensibilidade acústica

1. Enténdese por zona de sensibilidade acústica aquela parte do territorio que presenta un mesmo rango de percepción acústica.
2. Defínense as seguintes zonas de sensibilidade acústica.
 - a. Zona de alta sensibilidade acústica: comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha protección alta contra o ruído, como áreas sanitarias, docentes , culturais ou espazos protexidos.
 - b. Zona de moderada sensibilidade acústica: comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha percepción do nivel sonoro medio, como vivendas, hotéis ou zonas de especial protección como os centros históricos.
 - c. Zona de baixa sensibilidade acústica: comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha percepción do nivel sonoro elevado, como son restaurantes, bares e locais ou centros comerciais.
 - d. Zona de servidume: comprende os sectores do territorio afectados por servidumes sonoras e fora de sistemas xerais de infraestruturas viarias, ferroviarias ou outros equipos públicos que as reclaman.
3. Cando os usos do solo ou a concurrencia de causas o xustifiquen poderán establecerse outras zonas específicas.
4. Enténdese por zonas saturadas aquelas que alcanzaron os máximos niveis de ruídos no exterior fixados para elas, debido a que a actividade desenvolvida produce a concentración de fontes sonoras ou a afluencia de público
5. As zonas de sensibilidade acústica defíneas o Concello, con arreglo os usos habituais.

***Art.35º .**

1. Os valores máximos de recepción de ruído, en función da zona de recepción e do horario no que se produce o ruído, están reflectidos na seguinte táboa:

**CONCELLO DE XINZO DE LIMIA (Ourense)**NIVEL DE RECEPCIÓN
Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.T.F. B-3203300 C

		Interior				Exterior	
		NRII (1)		NRIE (2)		NRE (3)	
CADRO 1		Día	Noite	Día	Noite	Día	Noite
ZonaA-Ambiente interior (dormitorios e salas de estar)	Corto eventual	30	25	60	50		
	Esporádico	30	25	60	50		
	Continuo	30	25	60	50		
ZonaA-Ambiente interior (Outros)	Corto eventual	35	28	60	50		
	Esporádico	35	28	60	50		
	Continuo	35	28	60	50		
ZonaB-Ambiente interior (dormitorios e salas de estar)	Corto eventual	35	30	65	55		
	Esporádico	35	27	65	52		
	Continuo	30	25	60	50		
ZonaB-Ambiente interior (Outros usos de vivienda. Oficinas,acade.y similar)	Corto eventual	40	35	65	55		
	Esporádico	37	32	65	52		
	Continuo	35	30	60	50		
ZonaC-Ambiente interior	Corto eventual	40	35	70	60		
	Esporádico	37	32	67	57		
	Continuo	35	30	65	55		
ZonaD-Ambiente interior	Corto eventual	40	35	75	65		
	Esporádico	37	32	72	62		
	Continuo	35	30	70	60		
ZonaA-Exterior Sanitaria, docente, cultural ou saturada de rúidos	Corto eventual					60	50
	Esporádico					60	50
	Continuo					60	50
ZonaB-Exterior. -Residencial	Corto eventual					65	55
	Esporádico					65	55
	Continuo					65	55
ZonaC ou D-Exterior Comercial ou industrial	Corto eventual					80	80
	Esporádico					73	73
	Continuo					70	70



As zonas de sensibilidade acústica A, B, C e D están definidas no artigo 7 do anexo á Lei 7/1997 de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.

(1) NRII Nivel de recepción interno con orixe interna. É aquel nivel de recepción interno orixinado por unha fonte sonora ou vibrante que funciona noutro recinto, situado no propio edificio ou nun edificio estremeiro.

(2) NRIE Nivel de recepción interno con orixe externo. É aquel nivel de recepción interno orixinado por unha abundancia sonora que procede do espacio libre exterior. Medirase fronte a unha ventá aberta, a uns 50 cm por fora da fachada.

(3) NRE Nivel de recepción externo. É o nivel de recepción medio nun determinado punto situado no espacio libre exterior.

(4) DÍA: de 08 a 22 horas - NOITE: de 22 a 08 horas

***Art.36° .**

Valores límite do nivel sonoro emitido por vehículos de motor.

1. Para tractores agrícolas, ciclomotores e vehículos de motor de cilindrada non superior a 50 c.c. de fabricación de serie, os límites máximos admitidos de emisión de nivel sonoro serán, segundo a lexislación vixente (Decreto 1439/72, do 25 de maio):
 - Vehículos de dúas rodas: 81 dB (A)
 - Vehículos de tres rodas: 83 dB (A)
 - Tractores agrícolas:
 - 1.- Con potencia ata 200 CV DIN: 90 dB (A).
 - 2.- Con potencia de máis de 200 CV DIN: 90 dB (A).
2. Para motocicletas, o nivel sonoro non debe sobrepasar os límites seguintes, fixados polo Acordo de Xinebra, do 20 de marzo de 1958, e decreto que o desenvolve, publicado no BOE nº 119 o 2 de maio de 1982.
 - Motocicletas de cilindrada:
 - * \leq 80 cc. 80 dB (A)
 - * \leq 129 cc. 80 dB (A)
 - * \leq 350 cc. 83 dB (A)
 - * \leq 500 cc. 85 dB (A)
 - * $>$ 500 cc. 86 dB (A)
3. Para o resto de vehículos automóviles o valor sonoro non debe sobrepasar os seguintes límites fixados no Acordo de Xinebra, do 20 de marzo de 1958, e decreto que o desenvolve publicados no BOE o 23 de novembro de 1974 e 22 de xuño de 1983.

Capítulo Quinto

- **Características de medición e límites de nivel de vibracións**

***Art. 37° .**

Para a determinación do nivel de vibracións empregárase calquera dos aparellos permitidos pola lexislación vixente. As curvas base ás que fai referencia a presente ordenanza son as da figura que se insire no anexo IV e no artigo 38.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

***Art. 38º .**

Os valores máximos de recepción das vibracións no ambito interior son as que de seguido se sinalan (Adxúntase ademáis o Anexo IV):

Uso; período; curva base.

Sanitario: día 1, noite, 1

Residencial: día 2; noite 1,4

Oficinas: día 4, noite 4

Almacén e comercial: día 8, noite 8

***Art. 39º .**

As técnicas de medida das vibracións son as que se reflicten no Decreto 150/1999, do 7 de maio de 2000 polo que se aproba o reglamento de protección contra a contaminación acústica.

Capítulo Sexto

- Réxime Sancionador

Sección Primeira. – Inspección e Vixilancia

***Art. 40º .**

- Competencia

Corresponde ó Concello a vixianza do establecido nesta Ordenanza. Ésta será realizada polo persoal do servizo competente mediante as correspondentes visitas ós focos de emisión, implicando a obriga dos titulares, donos, rexentes, encargados e responsables dos locais de calquera actividade abrangida na presente ordenanza a lles presenta-la correspondente licencia de apertura e actividade de fundamento e a facilitar ós inspectores municipais o acceso ás instalacións a focos xeradores das molestias ou perigos e disporán o seu funcionamento ás distintas velocidades, cargas e marchas que lles indiquen tales inspectores, permitíndolles o emprego de dispositivos medidores, e a efectuar as operacións necesarias para o cumprimento de tal finalidade.

Non obstante, o concello poderá solicitar o auxilio da Administración Autonómica ou de empresas homologadas pola Xunta de Galicia, tal como prevé os artigos 9 e 25 da lei de Protección contra a Contaminación Acústica (lei 7/97, do once de agosto)

***Art.41º .**

- Actividade de inspección

1. O persoal do Concello, debidamente identificado, poderá levar a cabo visitas de inspección ás actividades que se veñan desenvolvendo e ás instalacións e funcionamento a fin de comproba-lo cumprimento do prescrito nesta Ordenanza.
2. Cando para a inspección sexa preciso entrar nun domicilio será prescriptiva a correspondente autorización xudicial. Nos demais supostos, o persoal, debidamente identificado, estará facultado para acceder ás instalacións ou establecemetnos, se é o caso, sen previo aviso.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

3. As visitas de inspección poderán levarse a cabo por propia iniciativa municipal ou logo da solicitude de calquera interesado dirixida á autoridade administrativa competente.
4. As visitas de inspección realizaranse tendo en conta as características do ruído e das vibracións.
5. Se ó efectua-la inspección se verificase o incumplimento da norma, levantarase a correspondente acta, da que se dará copia a persoa interesada. Dita acta dará lugar a incoación de expediente, no que, con audiencia á persoa interesada e sen perxuício de aplica-lo réxime sancionador, serán determinadas as medidas correctoras precisas.

As actas emitidas polos órganos competentes goza de presunción de veracidade en canto ós feitos contidos nelas e constituen proba dabondo para os efectos do procedemento sancionador, salvo proba en contrario.

Sección Segunda. – Procedemento para a tramitación de expedientes de Contaminación acústica

***Art. 42º .**

I. Por denuncia.

1. Toda persoa, natural ou xurídica, pode denunciar perante o Concello a existencia de focos contaminadores que contrarían as prescricións da presente ordenanza.
2. Consonte co apartado anterior, as visitas de inspección poderán levarse a cabo por iniciativa municipal ou logo de solicitude de calquera interesado. Estas solicitudes ou denuncias contarán, ademáis dos datos esixibles nas instancias pola lexislación que regula o procedemento Administrativo Común, os datos precisos para facilitar ós servizos municipais a correspondente visita de inspección.
3. En caso de recoñecida urxencia ou emerxencia, isto é ruídos que resulten altamente perturbadores ou cando xorda ocasionalmente por uso abusivo, deterioro ou deficiente funcionamento das instalación, aparellos ou equipos, podere recorrirse directamente ós servizos municipais que teñan encomendada a atención destes supostos, os cales, previa comprobación, adoptará as medidas de urxencia necesarias.
4. A persoa que efectúa a denuncia incurrirá responsabilidade cando actue con temeridade ou mala fé, sendo, neste caso, do seu cargo os gastos que se orixinen.
5. En calquera caso, as denuncias formuladas darán lugar á incoación do oportuno expediente, que se tramitará baixo as norma esixidas polo regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, notificándose ás persoas interesadas as resolucións adoptadas.
6. As denuncias poderán formularse contra persoas físicas ou xurídicas; contra vecinos ou establecementos e contra organismos ou particulares, polos seguintes medios:
 - a) Policía Local. Normalmente refírense a denuncias telefónicas formadas por contaminación acústica durante a noite. Neste caso, o persoal desta dependencia, debidamente cualificado e con axuda dos aparellos permitidos



pola lexislación vixente, realizará a medición do nivel sonoro, seguindo as pautas que se especifican no capítulo IV desta ordenanza.

O resultado da medición, rexistrado no impreso correspondente, enviarase ó servizo de medioambiente que, se procede, iniciará o expediente sancionador por contaminación acústica correspondente, sen prexuício de ordenar as medidas correctas que procedan.

b) Servizo de Medioambiente. Normalmente tratarase de denuncias formuladas por escrito no rexistro do Concello. Neste caso, a comprobación efectuarase polo Servizo de Medioambiente, sen prexuício de recabar o auxilio da Policía local ou empresa homologada, se fose preciso.

No caso de que a tramitación do correspondente expediente sancionador leve ó coñecemento da inexistencia da correspondente licenza, ou a licenza que ten non corresponda coa actividade que corresponde, o expediente rematará coa súa dilixencia á Xerencia de Urbanismo para que proceda á preceptiva clausura da actividade.

II. De oficio.

O Concello de Xinzo de Límia pode iniciar a tramitación dun expediente sancionador por contaminación acústica, de oficio, por iniciativa propia, sabedor da problemática existente en determinada zona, local ou establecemento da localidade-

Neste caso, o servizo de medioambiente poderá realizar a medición da presunta contaminación acústica mediante persoal propio, da policía local, ou de empresas ou entidades especializadas é previamente homologadas.

A tramitación do correspondente expediente sancionador realizarao o servizo de medioambiente.

Sección Terceira. – Infracción e Sancións

***Art. 43º .**

Considéranse infraccións administrativas as accións ou omisións que contraveñan as disposicións desta Ordenanza. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves, de conformidade coa tipificación contida nos artigos seguintes.

***Art. 44º .**

Constitúense faltas leves:

- a) A superación dos límites admitidos ata 5 dBA.
- b) A transmisión de niveis de vibración correspondentes á curva base inmediatamente superior á máxima admitida para cada situación.
- c) Calquera outra infracción ás da lei 7/1997, do 11 de agosto, non cualificada expresamente como falta grave ou moi grave.
- d) A circulación de vehículos de motor co escape libre e con silenciadores ineficaces, incompletos, inaxeitados ou deteriorados
- e) A non presentación dos vehículos nas inspeccións.

***Art. 45º .**

Contitúense faltas graves:

- a) A superación en máis de 5 dBA (A) dos valores límites admitidos.
- b) A transmisión de niveis de vibración correspondente superiores a máquina admitida para cada situación.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

- c) A vulneración expresa dos requerimentos municipais para a corrección das deficiencias observadas.
- d) A negativa ou obstrucción ó labor inspector, considerarase, en todo caso, como resistencia á actuación inspectora impedir ós funcionarios competentes a entrada nos recintos e locais nos que se deban realiza-las inspeccións.
- e) A reincidencia en 3 faltas leves no prazo de doce meses.
- f) A iniciación de actividades ou a apertura de establecementos e instalacións susceptibles de producir ruídos ou vibracións sen obte-la previa autorización ou licencia.
- g) A transgresión ou o incumprimento das condicións impostas na autorización ou licencia, así como a non adopción, dentro do prazo concedido, das medidas correctoras sinaladas polo órgano competente. Neste último suposto, os suxeitos responsables poderán evita-la imposición da sanción se proceden voluntariamente á paralización ou á non iniciación da actividade.

***Art. 46º .**

Constitúen faltas moi graves:

- a) A superación en máis de 15 dBA dos valores límite admitidos.
- b) A transmisión de niveis de vibración correspondentes a máis de dúas curvas bases inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación.
- c) A reincidencia en 3 faltas graves no prazo de doce meses.
- d) O incumprimento das ordes de clausura dos establecementos ou de paralización da actividade acordadas pola autoridade competente.

***Art. 47º .**

As infraccións ós preceptos desta lei sancionaranse da seguinte maneira:

- a) Infraccións leves, con multa de 60,10 euros ata 600 euros.
- b) Infraccións graves, con multa de 600 euros ata 3000 euros, clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a seis meses.
- c) Infraccións moi graves, con multa dende 3000 ata 6000 Euros clausurados establecemento ou paralización da actividade por espazo superior a tres meses ou con carácter definitivo. Sempre que a comisión da infracción se producise por primeira vez e a corrección da emisión de ruído que orixinou a sanción se fixera nun prazo de cuarenta e oito horas, reducíndoa ó nivel autorizado, a sanción imporase no seu grao mínimo. En todo caso, o prazo computarase a partir da comprobación da comisión da infracción.

A sanción de clausura temporal ou definitiva poderá interperse naquelas infraccións nas que se aprecie reiterada resistencia ó cumprimento do ordenado pola Alcaldía ou manifesta actitude do titular da instalación no senso de dificultar, falsear ou desvirtua-lo resultado da inspección.

***Art. 48º .**

A sanción de clausura temporal ou definitiva poderá imporse naquelas infraccións nas que se aprecie reiterada resistencia ó cumprimento do ordenado pola Alcaldía ou manifesta actitude do titular da instalación no sentido de dificultar, falsear ou desvirtua-lo resultado da inspección.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

***Art.49º .**

Na resolución que poña fin ó procedemento sancionador poderá acordarse, a parte da imposición da sanción correspondente, a adopción de medidas correctoras, así como a indemnización de danos e prexuízos ocasionados como consecuencia da actividade infractora. Para a execución dos ditos actos, se o infractor non os cumprira voluntariamente no prazo que se lle sinala, poderán impórsele multas coercitivas sucesivas de ata 3.005,06 euros cada unha. Igualmente, poderá ordenarse a execución subsidiaria nos termos previstos no artigo 98 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

***Art.50º .**

Cando os establecementos ós que fan referencia os artigos 27 e 28 da presente ordenanza instalasen un mecanismo limitador do nivel sonoro que impida a emisión de ruídos por encima dos niveis máximos permitidos, non poderán ser sancionados cando por calquera motivo alieo á vontade dos titulares fallase o limitador, sempre e cando unha vez detectado o fallo se proceda á súa inmediata corrección. A manipulación do mecanismo limitador por persoal alieo ós servizos técnicos municipais fará inaplicable o precepto contido no primeiro parágrafo da presente disposición.

***Art.51º .**

As infraccións ás que se refire esta lei prescribirán nos seguintes prazos, dende a comisión do feito:

- a) Seis meses, no caso de infraccións leves.
- b) Dous anos, no caso de infraccións graves.
- c) Catro anos, no caso de infraccións moi graves.

***Art.52º .**

Con independencia das demais medidas que se adopten para garantir a eficacia da resolución que no seu momento se dicte, con carácter cautelar poderase acordar a inmediata adopción de medidas correctoras imprescindibles para evitar os danos ou as molestias graves que se estén ocasionando como consecuencia das actividades presuntamente infractoras.

Igualmente, e co mesmo carácter cautelar, poderase acordar a paralización da actividade ou a clausura das instalacións ou dos establecementos cando a produción de ruídos ou vibracións supere os niveis establecidos para a súa tipificación como falta moi grave, ou ben cando, acordada a adopción de medidas correctoras, o requerimento municipal resultase incumplido no prazo que para o efecto se sinala. Tamén poderá acordarse o precinto dos equipos, así como calquera outra medida que se considere imprescindible para evitar a persistencia na actuación infractora. Estas medidas adoptaranse previa audiencia do interesado, por un prazo de cinco días, excepto naqueles casos que esixan unha actuación inmediata.

***Art. 53º .**

Asimesmo, ante calquera denuncia, o concello poderá esixir a instalación nun sistema sonográfico axeitado a actividade de que se trate.

***Art. 54º .**

A sanción firme por infracción da presente ordenanza, conlevará a obriga, por parte dos titulares de cada local, de adecuar as súas instalacións o establecido no anexo II da presente ordenanza.



***Art. 55º .**

Erixirase en órgano sancionador ós efectos da presente ordenanza a Alcaldía do Concello, quen poderá delegar na comisión do Goberno.

-Disposicións Adicionais

- **Disposición Adicional Primeira**

Para os efectos da presente ordenanza correspnderá ó Excmo. Concello de Xinzo de Limia determinar, en cada caso, as zonas de sensibilidade acústica equivalentes de acordo co uso ó que estea afecto o chan dentro do PXOU.

- **Disposición Adicional Segunda**

Os modelos de sonógrafos ou aparellos que rexistre os niveis sonoros existentes dentro dos locais, así como os de mecanismos limitadores terán as características que se sinalan no anexo II desta ordenanza.

- **Disposición Adicional Terceira**

O Concello creará un rexistro municipal de denuncias no que se levará cronoloxía de tódalas denuncias presentadas, así como o seu estado de tramitación. Tal rexistro será de acceso público.

- **Disposición Adicional Cuarta**

O Concello promoverá a creación dun órgano de medición do que formarán parte representantes da administración, dos empresarios e dos vecinos, na que a súa misión será mediar nos conflitos que se deriven da aplicación da presente ordenanza.

- **Disposición Transitoria**

a) Os titulares dos establecementos afectados pola presente ordenanza e que dispoñan da preceptiva licencia de apertura e posta en funcionamento, ou se atope en tramitación na data de entrada en vigor daquela, disporá dun período de seis meses, a partir da súa vixencia, para presentar solicitude de adaptación ás previsións da presente perante o Concello, nas que se reflictan as medidas correctoras necesarias para garantir e cumprimenta-los niveis máximos de emisións e transmisión sonora e de vibracións. Neste suposto presentarán un proxecto no que se aprecie a necesidade de modificación das instalacións ou elementos constructivos ou se non se necesita modificación das establecidas na normativa.

b) Si do exame da documentación presentada resultase a imposibilidade material de axustarse ás medidas establecidas nas presentes normas ou resultará antieconómica, o Concello podería outorgar autorización de funcionamento establecendo limitacións máis severas no funcionamento da actividade co obxectivo de que non se produzan molestias.

c) En calquera caso, no prazo máximo de ano e medio, deberán estar executadas e facerse efectivas as medidas correctoras ás que se refire o primeiro párrafo da presente disposición transitoria e tales actividades terán que estar plenamente asustadas e tal prazo ás condicións establecidas nesta ordenanza.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

-Disposición Derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto nesta ordenanza.

-Disposicións Finais

- Disposición Final Primeira

Esta ordenanza poderá ser desenvolvida por ordenanzas particulares referidas a determinados aspectos técnicos ou zonas particulares do municipio.

- Disposición Final Segunda

Esta ordenanza entrará en vigor no prazo dos quince días seguintes a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 deles 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local.

Anexo I: Zona Saturada de Ruídos

1. Para os efectos da presente ordenanza créase a zona I, que se delimita e regula no presente anexo. Nesta zona, como consecuencia da súa consideración como saturada de ruídos pola produción de efectos aditivos das actuais instalacións, equipárase, en canto a nivel de ruído permitido, a zona A, por tratarse dun espazo protexido. Para que se poida realiza-la tramitación da nova licenza de apertura na dita zona para café-bar especial, pubs, café-cantante, café-concerto, boleiras, billares, salón de xogos recreativos, discotecas, salas de baile, salas de festas, tablaos flamencos, music-hall, cines, bingos, barras americanas, bares de alterne, night club e whiskerías, deberase xustificar diante do concello que nun radio 70 metros non existe outra instalación de semellantes características.
2. A zona I, defínese como zona saturada de ruídos e vibracións e queda conformada polas vías públicas que de seguido se relacionan:
 - R/ Toural(dende C/Dous de Maio ata C/San Roque)
 - R/ Formigueiro
 - R/ Curros Enríquez
 - R/ Cruceiro
 - R/ Lepanto(no termo que discorre entre as rúas Dous de Maio e Constitución)
 - R/ Marcelo Macías(dende o nº1 ata o Nº40)
 - R/ Pena Trevinca
 - R/ Leopoldo Álvarez
 - R/ Galicia
 - R/ Constitución
3. Establécense como obrigatorias e preceptivas, para que poida concederse a nova licenza de apertura para o exercicio das actividades sinaladas no parágrafo I deste anexo dentro da zona I, ademais das xerais contidas na presente ordenanza, as seguintes medidas correctoras de ruídos:

- Chan flotante
- Teito illante suspendido axeitado
- Pechamentos dobres
- Portas acústicas



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

- Dobre porta non enfrontadas
- Ausencia de ventás practicables e ocos ó exterior
- Aire acondicionado
- Limitador sonoro de equipos de música (un limitador para cada equipo de reprodución sonora instalado no local).

4. Co ánimo de establecer un máis preciso control sobre os locais que exerzan as actividades susceptibles de producir ruídos e vibracións excesivas dentro da zona I e a fin de evita-las molestias que leva de seu o exercicio deste tipo de actividades, creáse a placa identificativa de locais en zonas saturadas de ruídos. Esta placa, para as actividades sinaladas no parágrafo I deste anexo, deberá ter unhas medidas de 16x25 cm e 6mm de groso. Esta placa deberá estar nun lugar visible á entrada do establecemento, de forma que en calquera momento sexa controlada polos técnicos municipais.

A placa identificará ó establecemento, ó titular da licenza incluíndo o número da mesma e a data da súa expedición. Así mesmo deberá ter grabado o escudo do concello de Xinzo de Límia. Desta forma o control por parte dos axentes da autoridade será máis doado e preciso e delimitaranse as responsabilidades cunha eficacia considerable.

Así mesmo será de instalación obrigatoria nos locais que exerzan actividades sinaladas no párrafo I deste anexo, dentro da zona I, un limitador de son.

A infracción do presente artigo terá a consideración de falta grave.

Anexo II:

Características técnicas mínimas do sonografo, para os casos en que sexa obrigatoria a súa instalación de acordo co disposto nos artigos 28.III e 47 da presente ordenanza.

1.- Características técnicas mínimas do equipo de sonómetro permanente (sonógrafo rexistrador, caixa negra ...)

Os sonografos rexistradores do nivel sonoro no interior dos locais de actividades susceptibles de produciren ruídos terán as seguintes características mínimas:

- Rexistro e almacenamento do período de funcionamento ruidoso da actividade na que se indica como mínimo:
data e hora do comezo, data e hora de terminacion, máximo nivel continuo equivalente durante I minuto do período e hora na que este se produce, así como os niveis continuos equivalentes medio e mínimo da sesión.
- Rexistro e almacenamento dos períodos de funcionamento das fontes, rexistrando data e hora de acendido, e data e hora de apagado.
- Capacidade de conservación da información rexistrada e almacenada correspondente a un período mínimo dun mes, durante un mínimo de 12, co obxecto de permiti-la súa posterior inspección.
- Posibilidade de ser programado como rexistrador de nivel, proporcionando a curva de niveis de cada sesión, no suposto de que así o consideren necesario os servicios de inspección.
- Disposición dun sistema que permita realiza-la lectura da información rexistrada e almacenada, de forma que esta poida ser trasladada ós sistemas informáticos do servico municipal competente para a súa análise e avaliación, permitindo así mesmo a súa impresión. Todas estas operacións deberán poder



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

realizarse sen destrución nin alteración da información almacenada no dispositivo, e non deberá existir posibilidade ningunha de manipulación desta información.

- O elemento sensor do sonografo (micrófono) deberá ir instalado nun lugar visible dende a entrada o local, na zona que caractericem na maior medida, o nivel sonoro existente en todo o local (zona central), forra do alcance natural dos clientes do local ou protexido contra posibles accións indebidas (golpes, sustraccións, etc.).

Para a instalación do equipo sonográfico será necesaria a presentación dun deseño (esbozo) no que se sinala a situación do micrófono incorporado.

O valor de L_{eq} 60 (nivel sonoro equivalente durante 60 segundos), rexistrado no sonógrafo a partir do que se considera infracción a esta ordenanza, será o menor de tódolos valores que se poidan calcular coa seguinte fórmula, tendo en conta tódolos distintos tipos de zonas no contorno da actividade.

L_{eqmax} (dBA) = illamento respecto dun punto do contorno (dB) + nivel de ruído máximo permitido de recepción nese punto (dBA), en función do horario (diurno/nocturno).

O valor do illamento para empregar na anterior fórmula será o obtido polos métodos indicados na sección 6 do capítulo terceiro, en función de que o punto de recepción estea situado en ambiente interior ou exterior.

Deberase instalar un sonógrafo en cada unha das zonas nas que acústicamente se poida dividi-la superficie total do local no que se realice a actividade.

2. Características técnicas mínimas do equipo limitador sonoro de equipo de música.

Naqueles locais descritos no artigo 27.1-II, que dispoñan de equipos de reprodución musical e nos cales os niveis de emisión musical poden ser manipulados polos usuarios responsables da actividade, instálase un equipo limitador-rexistrador que permita asegurar, de xeito permanente, que baixo ningunha circunstancia as emisións do equipo musical superen os límites admisibles de nivel sonoro no interior das edificacións adxacentes, así como que cumpren os niveis de emisión ó exterior esixidos por esta normativa.

Os limitadores-rexistradores deberán dispor de dispositivos que lles permitan facelos operativos, para o cal deberán dispor ó menos das seguintes funcións:

- Sistema de calibración interno que permita detectar posibles manipulacións do equipo de emisión sonora.
- Rexistro sonográfico ou de almacenamento dos niveis sonoros habidos no local emisor, para cada unha das sesións ruidosas, independentemente do funcionamento do equipo musical, con períodos de almacenamento de ó menos un mes.
- Rexistro de todas as sesións de funcionamento do limitador con indicación da fecha e hora de inicio; da fecha e hora de terminación; niveis de calibración.
- Mecanismos de protección (mediante chaves electrónicas ou claves de acceso) que impida posibles manipulacións posteriores, e si éstas fosen realizadas, queden rexistradas na memoria interna do limitador.
- Almacenamento dos rexistros sonográficos, así como das calibracións periódicas en soporte físico estable, de tal forma que non se vexan afectados por fallos de tensión.
- Sistema de inspección que permita ós servizos técnicos municipais unha adquisición dos datos almacenados a fin de que éstos poidan ser trasladados ós servizos de inspección para a súa análise e avaliación. Así mesmo terán a capacidade de enviar, de forma automática, ó servizo de inspección, os datos almacenados durante cada unha das sesións ruidosas que se produzan no local.

A instalación de limitadores-rexistradores e sonografos será notificada ós servizos técnicos municipais polo instalador, mediante escrito no que figure:

- Marca.
- Modelo.



- Funcionalidade.
- Lugar e características da instalación.
- Valor da limitación se a houbera e xustificación da mesma.
- Certificación do seu correcto funcionamento.
- Calibración do sistema.
- Informe das características técnicas do equipo musical instalado (sobre todo daqueles elementos polos que pasa o sinal eléctrico tralo equipo limitador).

Poderá aceptarse a instalación de equipos que, non reunido exactamente as características mínimas indicadas, dispoñan de outras características ou funcións que suplan as carencias fronte as características mínimas esixidas, ou que as súas características non varíen substancialmente das mínimas esixidas. Nestes casos a súa instalación deberá ser solicitada previamente, achegando as características técnicas do equipo. Antes da súa instalación deberán ser informados e aceptados polos servizos técnicos municipais competentes.

En todo caso os limitadores deberán asegurar que o nivel sonoro recibido no contorno é inferior ós valores sinalados no capítulo cuarto (artigo 35).

Os propietarios serán os responsables de que os citados instrumentos de control estén en perfecto estado; para eso, os dispositivos estarán incluídos dentro dun programa de mantemento con entidade acreditada, que asegure o correcto funcionamento dos sistemas así como a verificación e calibración do sistema de medida, a cal haberá de levarse a cabo ó menos unha vez ó ano. Sendo obrigación do propietario da actividade a presentación da documentación actualizada do contrato de mantemento en vigor e dos certificados de correcto funcionamento do sistema.

Todo coste derivado da instalación dos limitadores-rexistradores e sonógrafos será asumido polos titulares dos establecementos afectados.

Anexo III

Criterios de perigosidade sonora

Establécese para toda clase de rúidos a clasificación utilizada para ambientes laborais seguindo o grado de perigosidade.

1. Ambientes de calma.
2. Ambientes con ruído perigoso.
3. Con perigos de sordeira por exposición prolongada.
4. Con perigos de sordeira por exposición temporal (unha hora ó día) Con perigos de sordeira por exposición accidental.

Criterios de Perigosidade Sonoros. Táboas de Tempos de Exposición ó Ruído.

Threshold Limit-Values (TLV) American Conference of Governmental Industrial Hygienists (ACGIH).

Nivel de ruído: dB(A).

Tempo máximo de exposición: Horas ó día.

80.-16

85.-8

90.-4

95.-2

100.-1

105.-1/2

110.-1/4

115.-1/8

Para a avaliación de dous ou máis períodos de exposición a rúidos de diferentes niveis, aplícase a suma: C1/C2-C2/T2-C3/T3



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)


Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

Cs = Nivel de ruído.

Ts = Tempo de exposición.

Si o resultado é superior á unidade, considerase que supera o límite.

Anexo IV:



Anexo V:

Definición xeral dos establecementos.

Bar: establecementodo que a finalidade primordial é a expedición de bebidas que soen tomarse de pé ou sentado, diante do mostrador ou en mesas, onde as persoas acoden co proposito fundamental de reunirse e falar. Neste grupo comprenderase as denominadas tabernas.

Café-bar, cafetería: establecemento onde se bebe café ou outras bedidas. Antigamente centro de faladoiros literarios ou de intranscendente charla Intelectual, símbolo dunha existencia máis plácida e estática. Na actualidade, establecemento



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

público destinado á expedición de café e bebidas de todas as clases, servindo ó público mediante prezo, principalmente na barra ou mostrador, e a calquera hora, dentro das que permaneza aberto o establecemento, pratos fríos e quentes, simples ou combinados, con feccionados de ordinario á prancha para refrixerio rápido.

Café-cantante: establecemento público de características similares ó anterior, pero amenizado por cantantes ou músicos.

Café-concerto: teatro onde os espectadores poden fumar e beber e do que o programa inclúe números de canto, pantomimas e ballets.

Café-bar especial: nas súas variantes actuais pode estar amenizado con música ambiental, quedando asimilado a pub.

Pub: voz inglesa abreviatura de "public-house" (local público). Establecemento orixinalmente británico onde se poden tomar bebidas alcohólicas, e que a dinámica social dos nosos tempos transformou nun centro de diversión ambientada con música.

Discoteca: local de pública concorrencia, onde se expenden bebidas alcohólicas e se baila con acompañamento musical baseándose en soportes discográficos. O elemento característico é a existencia de pista de baile.

Tablao flamenco: local público que dispón de tarima ou escenario que é utilizada para actuacións dun determinado espectáculo flamenco. O termo estivo ós denominados cafés-cantantes.

Salas de festas: salón de baile ou cabaré (do francés taberna), lugar de espallamento de onde se bebe, se baila e se representan espectáculos principalmente de noite, sinónimo de "boite" e "music-hall".

Karaoke: establecemento público onde se expiden bebidas alcohólicas e, segundo a moda importada do Xapón, os usuarios intentan reproducir coa súa voz sobre un fondo orquestrado que lle guía e arroupa calquera das cancións de moda.

Restaurante: establecemento público do que a finalidade primordial é a de servir comidas ó público. As súas diversas clases comprenden un ha gamma infinita, dende a modesta casa de comidas que proporciona un menú fixo a prezos moi económicos ata os suntuosos restaurantes de fama: quedan encadrados dentro desta categoría as súas variantes como ventas, mesóns asadores, etc.

Barra americana: establecemento público onde nun ambiente marcadamente erótico, e amenizado con música, se expenden bebidas alcohólicas, servidas por persoal feminino ou masculino. Quedan comprendidos dentro desta categoría os bares de alterne, wiskerías e night club.

Bingos: sociedades ou centros de reunión constituídos con primordial finalidade de practicar unha variedade de lotería denominada bingo.

Billar, ping-pong, boleira: establecemento público destinado á práctica do xogo de villar, ping-pong, bolos, provistos a tales fins das correspondentes mesas de xogo ou instalacións específicas para xogo de bolos.

Salón de xogos recreativos: establecemento público dotado primordialmente de máquinas recreativas e de azar tipos "A", "B" e "C".

Locais específicos de música e danza: establecementos destinados ó ensino ou práctica da música (con instrumentos musicais, coros, etc.) ou danza que non teñan carácter esporádico ou ocasional (ximnasia artística, aeróbica, etc.). R. 11.441.

Xinzo de Límia, 18 de Agosto de 2003.

O Presidente,